


O manual *Vencello. Lingua e cultura galegas para estudantes de fóra de Galicia* (Barcelona, 2008) e a súa utilidade na docencia regrada a fillos de inmigrantes

Carme Silva Domínguez

Universidade de Santiago de
Compostela


mdocarme.silva@usc.es




1. O(s) problema(s):

-Novidade da situación de chegada de alumnos estranxeiros ás nosas aulas (agás no caso dos portugueses, ocorre nos últimos cinco anos).

-Presenza do galego como lingua curricular e vehicular no sistema educativo que non se pode obviar. As exencións outorgan unha reducida (cada vez máis) marxe de manobra moi provisoria e susceptible de debate.




-O profesorado afronta como un desafío e sen formación previa, xeralmente, a docencia de e en galego a colectivos de alumnos cuxa competencia ten que ascender de 0 a 100 con moita rapidez, ás veces nun prazo de meses. Que facer perante esta nova realidade?



-Hai unha queixa centrada na ausencia de formación específica (son reducidas as iniciativas dos CEFORE, que ocasionalmente amparan propostas do profesorado).

-O ineludible da innovación metodolóxica perante estes novos desafíos tropeza co descoñecemento xeneralizado de termos como o enfoque por tarefas ou a aprendizaxe cooperativa por parte do profesorado.




-Non existen tampouco materiais (textuais ou doutro tipo) que as editoriais estean xerando para responderen a estas novas necesidades docentes. Esta situación contrasta vivamente coa profusión de libros de texto, materiais *on line* de carácter xeralmente institucional, etc., dispoñibles para atender en castelán as mesmas necesidades.



2. As solucións.


-Sobre a marcha, non é difícil facer adaptacións puntuais de exercicios, contidos, etc. deseñados desde e para o castelán.

-A ausencia de materiais en galego é empregada ocasionalmente como argumento que explica a opción polo castelán na aula de linguas ou nos agrupamentos específicos de alumnos procedentes do estranxeiro.



-En moitos casos, os profesores que realmente están convencidos da necesidade de empregar o galego cos inmigrantes acaban organizando unha carpeta de materiais propia (da que non se ten coñecemento fóra de cada centro) e que se adapta a cada tipo de situación.

-A resposta a casos concretos non se opón á posible utilidade dos materiais xerados á hora de afrontar desafíos semellantes.




Neste contexto falaremos do manual *Vencello. Lingua e cultura galegas para estudantes de fóra de Galicia. Ensino secundario e adultos* (Barcelona, 2008, segunda edición).

1. Características externas do texto: inclúe un libro (148 páxinas) + CD de audio + solucionario para o profesor.
2. Doce temas de cultura-historia-etnografía + exercicios de lingua+ páxina final de literatura.




Como xorde *Vencello*?

1. En Barcelona, no seo do *Proxecto Galauda* (www.proxectogalauda.net) que procura estender o ensino do galego fóra de Galicia nos niveis de escolarización de Secundaria obrigatoria e posobrigatoria no ámbito do Estado Español.
2. O proxecto é intercultural e parte da convicción de que hai “mercado” para a introdución do galego como optativa noutras comunidades.

A background image showing a person's hands holding an open book. The person is wearing glasses and a watch. The text is overlaid on this image.


3. Na práctica, isto é así en Cataluña: xa se ensina galego en oito institutos de Barcelona, e un centro noso (o IES *Pedregal de Irimia*, de Meira, Lugo) introduciu tamén con éxito o catalán na súa oferta académica.

4. As vantaxes destas prácticas desde a perspectiva intercultural: valorar a diversidade, rescatar as propias raíces (non sempre, aínda que isto estaba na orixe do título do manual), establecer relacións académicas e persoais fóra do propio contorno, etc.

A background image showing a person's hands holding an open book. The person is wearing glasses and a watch. The image is slightly blurred and has a warm, yellowish tint.


O proxecto *Galauda* conseguiu que a Secretaría Xeral de Política Lingüística financiase, entre outras iniciativas, o seu manual *Vencello*, pensado para a docencia de lingua e cultura galegas en niveis avanzados de Secundaria Obrigatoria. A Generalitat e a Universitat de Barcelona son citadas tamén nos créditos da publicación.

A edición correu a cargo da editorial catalá *Galerada* (www.galerada.com), especializada en libros de temática moi ampla no idioma propio desta Comunidade Autónoma.




O equipo de autores aparece encabezado por Sabela Labraña, lectora de lingua galega na UB e está formado maioritariamente por docentes de galego en Cataluña.

Con este perfil elabórase un manual pensado para empregar nunha aula homoxénea canto á condición de “estudantes de fóra de Galicia” que se sinala no título como propia dos alumnos. Outro elemento de homoxeneidade do “alumno implícito” é o seu nivel de escolaridade: o galego figura como opción a partir de 3º da ESO.




O manual presenta a tradicional forma de libro escolar, cuxa estrutura se basea no concepto 'tema' e que está pensado para unha docencia anual ou cuadrimestral (non para un tratamento de emerxencia) como a que de feito se dá en Barcelona.

Como se organiza internamente a publicación, e que contidos abrangue?




1. Cada tema ábrese cun moi extenso texto que se sitúa baixo o título “Cultura” e que pode ser: de xeografía física ou humana, historia, historia da arte ou da literatura, etnografía ou sociolingüística.

Este conxunto de lecturas busca comprimir o esencial da realidade galega e presentárllelo a alumnos de Secundaria do Estado español, bos coñecedores das convencións románicas de lectura e capaces de entender e sintetizar un texto de corte enciclopédico e certa extensión.




2. Como primeiro elemento da aprendizaxe lingüística, previamente ao tema figura un pequeno texto introdutorio pensado para ser lido e comentado oralmente. O CD que acompaña o manual contén a escenificación destes anacos de lingua que imitan a oralidade.

A intención é que este material se explote para motivar ao alumnado cara ao intercambio de comentarios, experiencias, coñecementos, etc., en galego e en voz alta.




3. Logo do texto “Cultura” figura sempre unha batería de exercicios lingüísticos de formato lúdico baixo o título de “Xogamos coa lingua” (dúas páxinas). Trátase de encrucillados, xogos coa literatura popular, sopas de letras, etc., moi escorados de cara á adquisición do léxico normativo do galego.



4. Posteriormente inclúense en cada unidade dúas páxinas máis baixo o epígrafe “Lingua” en que se introducen algúns contidos gramaticais escolmados e exercicios de oralidade e sobre todo de escrita normativa.

Nos criterios de escolma pesa a consabida competencia, por parte do alumnado, en castelán peninsular.

O formato dos exercicios gramaticais é plenamente tradicional: encher os ocos, construír frases, etc.




5. Como remate, cada tema inclúe unha páxina de literatura en que se condensan: un texto breve dun autor canónico, a biografía do mesmo autor e unha batería de cuestións que procuran inducir ao emprego oral do galego na aula, así como relacionar o autor e a obra de que se trate con autores e obras que se supoñen coñecidos polo alumno ou con aspectos sociais e culturais da propia Galicia.



En síntese,

1. *Vencello* parte dun evidente alumno-tipo: de lingua románica peninsular (castelán, catalán-falante) e cunha comprensión lectora básica ben asentada (do segundo ciclo da ESO).
2. Tamén está concibido para unha aula-tipo: todos os alumnos partillan no esencial as mesmas devanditas condicións e acudirán a aulas de lingua galega como materia específica cando menos un cuadrimestre dun curso académico... e voluntariamente!.



3. A finalidade da aprendizaxe é o coñecemento do estándar, ao que se refire a totalidade do traballo escolar.

4. As actividades lingüísticas céntranse na escrita, aínda que con importantes elementos de e incursións na lingua oral (tanto comprensión como de produción).


5. Ao final das actividades académicas, a formación lingüística adquirida polo alumno debera posibilitar a lectura de textos sinxelos en galego ou a comprensión dos medios de comunicación na nosa lingua.



Aplaudimos a iniciativa, pero...


1. Creemos que a Administración galega debe non só limitarse a financiar traballos que veñen de fóra, senón máis ben apostar decididamente polo deseño de actuacións propias ben adaptadas ás nosas necesidades, que pasan por:

1.1. En Secundaria, unha crecente presenza de rapaces cuxa lingua inicial é o castelán (hispanoamericanos) pero que non están cursando galego como optativa, senón que se atopan inmersos en aulas con alumnos “nativos” (non hai homoxeneidade).




1.2. Nestas mesmas aulas pode haber tamén presenza de rapaces que non teñen o castelán como lingua inicial e que posúen niveis de competencia diversos nesta lingua.

1.3. Hai que formar o profesorado (creo que urxentemente) para o traballo na mesma aula con alumnos diversos lingüística e culturalmente. Por contra, *Vencello* é un manual para aulas avanzadas e homoxéneas.




1.4. En Primaria, que facer? O método non é para este nivel, desde logo. Hai dous tipos de aulas con alumnado procedente do estranxeiro, na miña opinión:

1.4.1. Aquelas en que son maioría os “nativos” e só hai algúns nenos procedentes da inmigración, de poucas nacionalidades en cada unidade e centro. Metodoloxías como a aprendizaxe cooperativa poderían axudar neste caso.




1.4.2. Aquelas unidades en que a diversidade é maior do que unha/dúas orixes nacionais e un número reducido de nenos (efecto *ghetto* perceptible xa nalgúns centros da rede pública galega). A diversidade gaña a unidade aquí. Neste caso, é ineludible a formación para a diversificación metodolóxica, así como unha atención prioritaria, por parte da Administración, ao funcionamento destas aulas (en forma de apoio, asesoramento, etc.).



2. Creo que a Administración debería poñerse á fronte da busca planificada de solucións a esta diversidade inesperada. Como?

2.1. Non unicamente financiando iniciativas concretas para finalidades puntuais, senón deseñando un plan de actuación para o profesorado que estaría centrado en dúas cuestións:

2.1.1. A innovación metodolóxica e a súa aplicabilidade concreta a aulas diversas étnica e nacionalmente.



2.1.2. A posta en común, preferiblemente *on line*, dos materiais que en distintos puntos de Galicia teñen xa deseñados os mestres e profesores para empregar nas súas aulas. Deberíase compilar unha batería de exercicios, experiencias, actuacións, etc., xa testados nas aulas e útiles en situacións similares. Isto é máis barato que publicar en papel, e talvez sexa no momento actual de maior utilidade práctica.